

O FERREIRO E O DEMO



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:	MPG_NoCa_0023_013_id2949_D
AUDIO DE REFERENCIA:	MPG_NoCa_0023_013_id2949.mp3
TIPO DE REXISTRO:	Rexistro directo dun evento. Conto
MATERIAL DISPOÑIBLE:	Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora) Transcrición de texto
DURACIÓN:	0:05:24

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** 2000
- **LOCALIZACIÓN:**

Parroquia:	Cortegada
Concello:	Serraeus
Comarca:	A Limia
Provincia:	Ourense
País:	Galicia
- **INFORMANTE**

Nome:	Antonio Blanco
Ano de nacemento:	1912
- **RECOLLEDOR/ORA:** Ana Belén Franco Mellado
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**

Título xenérico:	O ferreiro e o demo – <i>The smith and the devil</i>
Tipo:	Contos de maxia ou maravilhosos
Subtipo:	Adversarios sobrenaturais
Referencia:	300 AT



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

Durante os anos 90 do século XX, a catedrática emérita e profesora de filoloxía galega María Camiño Noia Campos dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que participaron nas recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizaron en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasmouse en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklóre internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratrea.

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

PALABRAS CHAVE

conto, narración, maxia, demo, ferreiro

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Era un ferreiro que tiña moitos fillos e veu un día de Navidá e pónense todos fillos:

– Eu teño polo, eu teño bistés, eu teño costilletas, eu teño moito que comer...

Entón brincaban así. E os rapaces diles andaban ensumidiños, non falaban tan sequera.

El, tan aburrido, tan farto seviu que dixo:

– Seica daba a miña alma ó demo se tivera para lle dar de comer ós meus fillos e á muller.

E entonces, a pouco tempo presentouse o cabaleiro co cabalo todo neghro e díxolle:

– Que dixo usté hai un momento?

– Que daba a miña alma ó demo se tivera que lle dar de comer ós, ós rapaces.

E díxolle o cabaleiro:

– Ha de ter para comer todo o que queira, ghanará os cartos que queira.

Entonces o ferreiro ghanaba moitos cartos, moitos cartos. Veu por alí san Pedro ferrar o cabalo e ó ferrar o cabalo san Pedro díxolle...Despois tiña cartos para todo. Díxolle:

– A ver, canto é?

E como despois tiña cartos para todo, díxolle:

– Non é nada, caballero, non é nada.

– Pida usté o que queira, home.

– Non é nada.

Mais tanto lle porfiou que... díxolle:

– Un que se sente naquela silla que ande de arredor e que non pare hasta que eu o mande.

– Pida máis, home, pida máis que eso total non é nada.

– E que onde bote a miña viseira que vaia eu.

Non lle quixo pedir máis e marchou. E entonces ó estar enfermo foi e veu o cabaleiro e díxolle:

– Que ferreiro! Estás pronto ou ...?

–Estou, estou pronto, cando queiras, pero case que lle había de ghardar eiquí esta silla a este home antes de marchar, para que vaia un pouco á arada.

E entón montouno á silla e andaba arredor –zas e ras–. E díxolle:

– Déixame ferreiro, déixame ferreiro, que eu tamén te deixo a ti.

Deixouno e parou de andar a silla. E doutra, cheghou o cabaleiro e díxolle:

– Que? Estás pronto, ferreiro?



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

– Si home, estou pronto, estou. Pois mira, antes de ir collemos unha poucas cereixas.

Súbete aí a esa cerdeira que ten moi boas cereixas e imos coméndoas polo camiño.

Subiuse á cerdeira e chamou ós rapaces. Tiña un montón de coios xuntos e dille:

– Rapaces! Vide quitar as cereixas a un home que está aí non alto.

Todas as pedras lle daban e díxolle:

– Para, déixame que eu tamén te deixo a ti!

Marchou e o ferreiro tivo unha enfermidade. Foron sete para o buscar e dixeron:

– Entre sete ben que o dominamos.

E foron entre os sete e estaba rachando un ferro para lle meter ás cadeias e díxolles:

– Pois mirai Metede as mans, vós dun lado e eu doutro e eu, como traio moita forza e estou acostumado a rachar, doulle un golpe e xa está rachado.

Foron e meteron as mans e quedaron todos presos e decíalle o cabaleiro:

– Eu non volo dixen que nos deixaba a todos presos? Eu non volo dixen?

E entonces, despois o ferreiro tivo unha enfermidade e morreu. Tiña que ir petar ás portas do inferno e petou e dixéronlle:

– Quen é?

– O ferreiro.

– O ferreiro aquí non cabe.

E chegou ás portas do ceo.

– Quen é?

– O ferreiro.

– O ferreiro aquí non cabe.

Pero volveu de alí a outro pouquiño e volveulle petar ás portas e dixo:

– Quen?

– Un caballero

Entonces, foi san Pedro e abriu a ventá un pouco e colleu ó ferreiro a visera e tirouna dentro. E agora o ferreiro é o porteiro das chaves do ceo.